

GOYA (1746-1828)

OBRA: A CARGA DOS MAMELUCOS (O 2 DE MAIO DE 1808)

AUTOR: **FRANCISCO DE GOYA Y LUCIENTES**

ESTILO: Precursor do Romanticismo

MATERIAL: Óleo sobre lenzo

CRONOLOXÍA: 1814

LOCALIZACIÓN: Museo do Prado

MEDIDAS: 266 cm x 345 cm



(CONTEXTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO E CARACTERÍSTICAS XERAIS)

COMENTARIO

Desde 1808 España vive a traxedia da Guerra da Independencia, período que marcaría a obra de Goya definitivamente. Coa renuncia ao trono de Fernando VII a favor de Xosé Bonaparte, o pintor víuse obrigado a traballar para “Pepe Botella”, o que o faría sospeitoso de afrancesado despois da Guerra). Durante estes anos, Goya amosouse por un lado esperanzado polos aires renovadores que veñen de Francia e o proceso liberal desenvolvido polas Cortes de Cádiz, pero tamén se amosa decididamente contrario á ocupación francesa e aos desastres da guerra. Tras o remate da Guerra en 1814, o goberno español aceptou a proposta de Goya de pintar os cadros do *2 de Maio* e o *3 de Maio*, recollendo en lenzo feitos históricos acontecidos seis anos antes. As obras foron financiadas por Fernando VII e tiñan como destino decorar as estancias do Palacio Real. No seu momento Goya non foi testemuña do levantamento contra os franceses, pintando a obra dacordo aos relatos que escoitara sobre o acontecemento, e querendo rendir homenaxe coa súa obra aos patriotas españois. Goya prantexou as dúas obras sobre a guerra a modo dun díptico, que se complementan visualmente e teñen un significado conxunto: o violento ataque do pobo de Madrid ás tropas de Murat na mañá do 2 de Maio, e a conseguinte represalia do exército francés.

Iconografía: É un cadro histórico que representa unha escena do levantamento do 2 de maio contra os franceses ao comezo da Guerra da Independencia contra Napoleón Bonaparte. Na escena representada, o pobo madrileño ataca aos mamelucos, mercenarios exipcios do exército francés, sendo a revolta de dita xornada aplastada duramente polo exército ocupante. Ademais dos mamelucos da Garda Imperial, figuran entre os franceses un dragón (soldado de cabalería) e un granadeiro (cadáver). Entre os asaltantes españois, apreciamos diversidade de tipos populares, con atuendos de varias rexións españolas, expresando así a variedade do pobo que se alzou contra os franceses. Goya quere representar a ira popular dos madrileños, mal armados, contra o exército máis poderoso do momento, o napoleónico.

Ao fondo da escena –a localización podería corresponderse á Porta do Sol, a Praza da Cebada ou outro dos lugares do Madrid dos Austrias- aprézase o perfil arquitectónico de Madrid, pero tratado de tal maneira que non distrae a atención do acontecemento principal, o combate, que domina o primeiro plano.

A **composición** é complexa. A parede do fondo semella aprisionar as figuras, que non poden escapar. No primeiro plano, a escena está integrada nun rectángulo disposto de forma oblicua que busca, coa súa sensación de profundidade, dar sensación de multitude e así acentuar o dramatismo. Dentro dese rectángulo as figuras organízanse en liñas compositivas variadas: oblicuas, curvas e en zig-zag. A profundidade conséguese ao resaltar as figuras sobre un fondo esvaecido, isto é, a través da cor. As figuras semellan proxectarse cara a fóra, en relevo.

Movemento. O movemento de cabalos e personaxes dotan ao cadro dun gran dinamismo, propios do combate nas rúas. Reflicte a escena con realismo, representando corpos caídos e manchas de sangue. No centro da composición vemos a un dos mamelucos que cae morto do cabalo, mentres un madrileño continúa apuñalándoo e outro fere mortalmente ao cabalo, recollendo así a destrución por sistema, o ilóxico da guerra. Arredor, vemos as figuras dos madrileños, cos ollos desorbitados pola rabia, a ira e a indignación, acoitelando coas súas armas brancas a xinetes e cabalos, mentres os demais franceses rexeitan o ataque e intentan fuxir. É significativo o valor expresivo dos rostros e dos cabalos, cuxo desexo de abandonar o lugar percíbese no medo dos seus ollos. En suma, Goya recolle cos seus pincéis como puido ser o episodio histórico daquela xornada, con toda a súa violencia e crueldade, para manifestar a súa posición contraria a eses feitos e dar unha lección contra a irracionalidade do ser humano, tal como correspondía a un home de espírito ilustrado.

Técnica. A característica fundamental é a liberdade de trazo con pinceladas soltas, amplas e esvaecidas, aparecendo xa a textura a base de manchas de cor, por exemplo no mameluco ferido.

Cor: intensidade cromática e rico cromatismo. As cores son cálidas e brillantes que acentúan a nota dramática, permitíndose licencias artísticas como a cabeza dun cabalo pintada de verde polo efecto da sombra. Negros, brancos ou grises presaxian as súas pinturas negras. Hai que destacar que ao centrar a loita do pobo sobre as tropas africanas (mamelucos), consegue unha maior exaltación da cor polo seu exótico vestiario.

A **luz** ven da esquerda do espectador. É unha luz melancólica, moi expresionista, unha luz que anuncia a morte. A luz, segundo a intensidade, resalta xerarquizando os momentos de tensión.

A execución da obra é totalmente violenta, con pinceladas rápidas e grandes manchas, como se a propia violencia da acción invadise ao pintor. O máis destacable do cadro é o movemento e a expresividade das figuras, que conseguen un conxunto impactante para o espectador. No **estilo**, a intensidade expresiva desta obra fai dela unha precursora do Romanticismo. O lenzo plasma de modo maxistral toda a violencia do estalido popular do 2 de Maio en resposta á chamada contra o invasor. A súa técnica e a súa paixón deixou fonda pegada en toda a pintura patriótica do Romanticismo, anticipándose a Géricault ou ao Delacroix da *Liberdade guiando ao pobo*.